



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

208b

Fun ó muíño con Paula
fun ó muíño con ela
fun ó muíño con Paula
fun en paz e vin en guerra.

1382b

Miña nai qu'a todos destes
aghua de cantares novos
a min deixasteme solo
desemparedado de todos.

114

A iaghua da nosa fonte
non a damos a ninguén
bebémo-lä todä nós
por eso cantamos ben.

1710a

Non te cases cun viúdo
porque teñä boa roupa
que siempre ch'ha de decir
boa muller er'a ioutra.

Ahora que viene, viene,
ahora que va venir
la primavera de maio
con las rositas de abril.

2115

Entra meu mozo pa dentro
vente prä dentro da sala
pra que tod'as mozas vesan
ese teu traxe de ghala.

523b

Teñ'unha nena no Pindo
outra no Chan de Barcala
se a do Pindo é bonita
a de Barcala lle ghana.

288a

Os dous bailáde-la jota
os dous sacáde-los puntos
queira Dios que d'hoxe un ano
durmades na cama xuntos.



757

La despedida te doy
con flores y con ghardines
lo que te pido y te encargho
que de mí nunca te olvides.

916

O meu mos'era moi ghuapo
era pior qu'on candil
pero despois qu'era feo
despacheino pó Brasil.

508

Eu teñ'unha compañeira
que foi nasida 'n Lourido
saliume ela mui boa
nasid'en lughar cativo.

De Lourid' a Surarantes
todo é camiño chan
de rosas e carabeles
postos pola miña man.

302a

As d'alá de riba corré-las corré-las
que as d'alá de baixo xa se corren elas
as d'alá de riba cando van co ghando
apousan a vara e bailan o tanco
e bailan o tanco e a muiñeira
as d'alá de riba cando van á feira.

426b

Virgen da Barca valéme
que estou no medio do mare
non hei barqueiro que reme
ai la la.